Jose Antonio Cacabelos Rico (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/02/2022
HASH: f7e2ea423eca9de9af3081315a56c8e1

JAVIER LOPEZ MERA (2 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 24/02/2022
HASH: 0488efdc4e19c4ee4d1ee59cf838c3b2

Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXP.: 2491/2019
ASUNTO: Perda de vixencia bolsa de emprego xeral- administrativo por esgotamento da mesma

Visto o informe-proposta da técnico de administración xeral-intervención de data 24.02.2022 que literalmente di:

*"**ANTECEDENTES***

O 09.09.2019 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases e a convocatoria para a constitución dunha Bolsa de emprego temporal mediante a creación de listas de agarda para diferentes postos de traballo, entre os cales, se atopa a de Administrativo.

O 03.07.2020 a Alcaldía ditou unha resolución (Decreto 2020-0500) que aprobou a lista de agarda para a categoría de administrativo deste Concello do Grove, publicándose esa mesma data no taboleiro de anuncios a dita resolución. A lista de agarda está constituída por:

Nome e apelidos	***Puntuación total***
Beatriz González Vecín	*18,22*
Carlos Neira Cortizas	*15,13*
Verónica González González	*14,53*
Marta Blach Silva	*13,92*

O 16.02.2022 ditouse unha providencia da Alcaldía para o chamamento para ocupar dous postos de administrativo para os servizos de secretaría e intervención municipal. Nesa mesma data fíxose un chamamento conxunto aos integrantes da bolsa.

O 17.02.2022 Marta Blach Silva (R.E. 2022-E-RE-371) presentou un escrito de rexeitamento ao chamamento.

O 17.02.2022 Verónica González González (R.E. 2022-E-RE-371) presentou un escrito de rexeitamento ao chamamento.

O 17.02.2020 Carlos Neira Cortizas (R.E. 2022-E-RE-382) presentou un escrito de rexeitamento ao chamamento.

O 18.02.2020 Beatriz González Vecín (R.E. 2022-E-RE-386) presentou un escrito de rexeitamento ao chamamento.

Ao abeiro da base terceira que regularon as bolsas de constitución das bolsas de emprego temporal, que dispón: As listas perderán a súa vixencia cando concorra algunha das seguintes circunstancias:
(…)
Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
(…)

Cod. Validación: 3ATTD9942TLZAM5FFRF65JTMT | Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Por canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o/a que subscribe eleva a seguinte ***PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

PRIMEIRO.- *Declarar a perda de vixencia das listas de agarda da categoría de ADMINISTRATIVO por esgotamento da mesma.*

SEGUNDO. *Publicar a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal para o seu xeral coñecemento."*

De acordo coa citada proposta, RESOLVO

PRIMEIRO.- Declarar a perda de vixencia das listas de agarda da categoría de ADMINISTRATIVO por esgotamento da mesma.

SEGUNDO. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal para o seu xeral coñecemento.

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra *e)* do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo

Documento asinado electronicamente

Cod. Validación: 3ATTD9942TLZAM5FFRF65JTMT | Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2